

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA CON CARÁCTER TEMPORAL E CONTRATO EN PRÁCTICAS DE SEIS PRAZAS DE FACULTATIVO/A VETERINARIO/A DE URXENCIAS E APOIO EN AREAS CLÍNICAS DE PEQUENOS ANIMAIS NA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA

Por resolución da Dirección Xerencia da Fundación Pública Galega Rof Codina (en diante FPGRC), anúnciase a convocatoria de 6 prazas de Facultativo/a Veterinario/a de Urxencias e Apoio en Áreas Clínicas de pequenos animais contratados en prácticas con carácter temporal (2 anos).

En cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e Lei 12/2006, da 1 de decembro, de fundacións de interese galego, de acordo con:

- Carta Fundacional e Estatutos da FPGRC.
- Delegación de facultades do Padroado da FPGRC ao director xerente desta.

DISPOÑO

Primeiro. - OBXECTO DO PROCESO:

Anunciar a convocatoria dun concurso-oposición para cubrir con carácter temporal as 6 prazas seguintes:

- 6510022 - Facultativo/a Veterinario/a de Urxencias e Apoio en Áreas Clínicas de pequenos animais (T01-2022).

O proceso de selección será mediante concurso-oposición.

Non se reserva ningunha praza para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% por non se alcanzar o mínimo necesario.

Segundo. - REQUISITOS DAS PERSOAS CANTIDATAS:

As persoas candidatas que desexen participar no proceso selectivo deberán posuír e/ou cumprir, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Nacionalidade
 - Ser español.
 - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

- Ser nacional dalgún Estado ao que sexa de aplicación a liberdade de circulación de traballadores.
 - Independentemente da súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos Estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente Tratado, o/a cónxuxe dos nacionais dalgún Estado nos cales sexa de aplicación a liberdade de circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito.
 - Así mesmo, e coas mesmas condicións que os/as cónxuxes, poderán participar os/as descendentes e os do/a seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas.
 - Aquelas persoas que, non estando incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación legal, sendo titulares dun documento que as habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderá participar quen se atope en situación de residencia temporal, quen se atope en situación de residencia permanente, quen se atope en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.
- Idade
 - Ter 16 anos de idade, e non ter alcanzada a idade de xubilación forzosa.
 - Titulación
 - Deberase posuír a titulación establecida no anexo das bases da convocatoria.
 - Compatibilidade funcional
 - Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
 - Habilitación
 - Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas. Non estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas. Non pertencer ao mesmo corpo ou escala a cuxas probas selectivas se presenta.

Terceiro.- CONDICIÓN DO POSTO DE TRABAJO

A praza terá unhas condicións segundo o descrito no anexo a estas bases.

Cuarto.- INSTANCIA:

O prazo de solicitude de bases e presentación de instancias será de 15 días naturais contados a partir da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia. As bases da

convocatoria estarán dispoñibles na páxina web da FPGRC (www.rofcodina.org). A entrega realizarase na web da FPGRC, segundo o modelo de instancia que estará dispoñible en dita web.

Os/as aspirantes deberán acompañar xunto ao modelo de instancia, copia do seu documento nacional de identidade e o seu curriculum vitae, debidamente xustificado mediante copias dos títulos ou calquera outros documentos acreditativos que consideren oportunos, quedando obrigado a presentar os orixinais que lles fosen requiridos. A documentación que cada aspirante acompañe á súa solicitude deberá estar agrupada e debidamente rotulada. Os méritos alegados e non probados do xeito sinalado no presente punto non serán tidos en conta.

Tamén deberán acompañar documento xustificativo de estar en posesión do título de Celga 4, perfeccionamento en galego ou equivalente debidamente homologado pola Dirección de Política Lingüística para os efectos da exención da proba de lingua galega.

Quinto.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Ao día seguinte da finalización do prazo de presentación de solicitudes publicárase un listado provisional de admitidos ao proceso e outro motivado de excluídos na páxina web da FPGRC. Establécese un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación do devandito listado para que os aspirantes poidan emendar, de ser posible, o defecto que motivara a súa exclusión. Ao día seguinte publicárase a lista definitiva de admitidos ao proceso e a convocatoria das probas que se realizarán o quinto día hábil posterior.

Sexto.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

Para regular o funcionamento do Tribunal, serán de aplicación as "Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección" do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A composición do Tribunal de Selección será a seguinte:

- Presidente: Luis Felipe de la Cruz Palomino, director xerente da FPGRC e catedrático de Universidade.
- Vogal 1º: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.
- Vogal 2º: Mónica Vila Pastor. Facultativa do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora asociada de Universidade.
- Vogal 3º: María Luisa Suárez Rey. xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade.
- Vogal 4º: Andrés Barreiro Lois. xefe de Servizo de Diagnóstico pola Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade.

Para que o Tribunal de Selección se constituía validamente, será necesaria a asistencia de todos os membros e os acordos tomaranse por maioría.

Os aspirantes poderán recusar aqueles membros do Tribunal que, encontrándose incursos nalguna das causas de abstención relacionadas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, non se abstiveran.

Sétimo.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección realizarase a través dun concurso-oposición: unha proba selectiva teórica, a resolución dun caso clínico, a valoración de méritos, e unha entrevista persoal.

Os/as aspirantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega superando unha proba eliminatoria que se celebrará o mesmo día que a proba selectiva teórica ás 10:00 horas na FPGRC e consistirá nunha tradución castelán-galego e outra galego-castelán cuxo resultado será de apto ou non apto. Estarán exentos de realizar a devandita proba os que se encontren en posesión do título de Celga 4, perfeccionamento en lingua galega ou estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

O temario da proba selectiva teórica desenvólvese no ANEXO I. A proba teórica consistirá nun exame escrito de 20 preguntas tipo test con tres respostas alternativas das cales só unha será correcta, cada pregunta correcta terá un valor de 1 punto, 3 preguntas incorrectas restarán 1 punto. Despois da proba selectiva teórica, realizarase a proba da resolución do caso clínico, no que os candidatos deberán resolver unha situación clínica de urxencias veterinarias (anamnese, procedementos para a estabilización do paciente, procedementos diagnósticos necesarios, probas complementarias, diagnóstico/s presuntivo/s, diagnósticos diferenciais, , tratamentos suxeridos, etc).

Con posterioridade, o Tribunal realizará a valoración curricular dos candidatos asignando unha puntuación segundo o establecido no ANEXO II.

Os candidatos que superen a fase de oposición e a de concurso (mín. 50 puntos segundo o Anexo II) serán convocados ao día seguinte para unha entrevista persoal que versará sobre perfil do/a candidato/a, dispoñibilidade de incorporación ao posto de traballo, facilidade oral, capacidade de integración en grupos de traballo, capacidade de empatía e relación co público, etc.

Rematadas as distintas fases do proceso, publicarase na web da FPGRC o listado das persoas candidatas e as puntuacións obtidas en cada unha das fases do concurso oposición, establecendo deste xeito a orde pola que os/as candidatos escollerán o servizo hospitalario da súa elección.

No caso de que dous ou máis candidatos/as obtivesen a mesma puntuación será preferido o que alcanzara a maior puntuación na fase de oposición posto que, de conformidade ao

disposto no artigo 37.1 da Lei 7/2004 de Galicia para a igualdade de mulleres e homes, non existe infra representación do sexo feminino na Fundación Pública Galega Rof Codina nesta categoría profesional. No caso de persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2015 (DOG número 28, de 11 de febreiro) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

Oitavo. – SELECCIONADOS/AS

O Tribunal de Selección propoñerá á Presidencia da FPGRC os/as candidatos/as que superen todas as avaliacións contempladas no apartado anterior. As resolucións do Tribunal de Selección serán apelables ante este, dispoñendo para iso dun prazo de 3 días hábiles.

Noveno. – CONTRATO

O contrato de traballo derivado do presente concurso será un CONTRATO EN PRÁCTICAS, terá carácter TEMPORAL CUN MÁXIMO DE DOUS ANOS DE DURACIÓN, e estará supeditado en todos os seus apartados á autorización correspondente por parte da Intervención Xeral de la Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo. – RÉXIME LEGAL

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases desta e o Regulamento de Réxime Interno do HVU-RC. Para todo o non previsto nestas estarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de novembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Lei 12/2006, do 1 de Decembro de fundacións de interese galego, e demais disposicións vixentes en materia de contratación que sexan aplicables ás Fundacións.

En Lugo, a 15 de decembro de 2021.

Fdo.: Prof. Dr. D. Luis Felipe De la Cruz Palomino
Director xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina

ANEXO I

REQUISITOS

- Estar en posesión do título de Licenciado/Grado en Veterinaria.
- Anos máximos transcorridos desde a obtención do título:
 - 5 anos no caso xeral.
 - 7 anos no caso de persoas con discapacidade acreditada igual o superior ao 33%.

CONDICIÓNS DO POSTO DE TRABALLO

- Funcións:
 - Exercicio da profesión veterinaria con carácter exclusivo e no ámbito do HVU-RC, atendendo os casos que a dirección do hospital lle asigne e todos aqueles propios da área clínica na que se integre.
 - Integración no servizo que escolleu e para o que foi seleccionado/a realizando a atención, seguimento e informe de todos aqueles casos clínicos que requiran a intervención do/a facultativo/a contratado/a. As prazas ofertadas son as seguintes:
 - 2 no Servizo de Medicina Interna.
 - 2 no Servizo de Cirurxía.
 - 2 no Servizo de Diagnóstico por Imaxe.
 - Servizo de Atención Continuada, realizando gardas presenciais e localizadas no HVU-RC cando lle corresponda segundo a rotación establecida.
 - Colaboración cos demais servizos hospitalarios segundo as directrices da Dirección Veterinaria e/ou da Dirección Xerencia do HVU-RC.
 - Integración nos grupos de investigación do HVU-RC.
- Horario: **37,5 horas semanais** seguindo a seguinte rotación: 3 semanas seguidas no servizo asignado, 1 semana con garda diúrna no fin de semana, 1 semana de

gardas nocturnas e 1 semana libre. Durante as semanas de estancia no servizo e de garda diúrna realizaranse gardas localizadas segundo a rotación establecida.

- Retribución: axustarase ás bases de cotización actualizadas establecidas para o posto de facultativo do HVU-RC aprobadas polo Padroado da FPGRC e ratificadas polas Direccións Xerais de Función Pública e Orzamentos da Xunta de Galicia. Sendo nos primeiros 12 meses de contrato dun 60 % deste importe e nos segundos 12 meses dun 75 % deste importe.
- Duración do contrato: **24 meses.**

TEMARIO DA PROBA SELECTIVA

Tema 1. Aproximación ao paciente de urxencias. Avaliación prehospitalaria e TRIAXE telefónico. Exame de urxencia e estabilización inicial.

Tema 2. Anestesia e analgesia en urxencias e pacientes críticos.

Tema 3. Parada cardiorrespiratoria e reanimación cardiopulmonar.

Tema 4. Fluidoterapia en urxencias e pacientes hospitalizados.

Tema 5. Politraumatismos. Avaliación primaria e reanimación. Avaliación secundaria e tratamento definitivo. Traumatismo craneoencefálico. Traumatismo medular. Fracturas abertas. Luxación de ombro. Luxación coxofemoral.

Tema 6. Urxencias cardíacas. Avaliación xeral do sistema cardiovascular. Arritmias cardíacas en urxencias. Enfermidade tromboembólica. Hipertensión arterial sistémica. Derrame pericárdico. Fallo cardíaco conxectivo.

Tema 7. Urxencias respiratorias. Manexo xeral do paciente con dispnea. Manexo específico de causas de dispnea. Obstrución da vía aérea alta (extra-torácica). Obstrución de vías aéreas baixas (intra-torácicas). Alteracións pulmonares: parenquimatosas e vasculares. Alteracións do espazo pleural. Alteracións da integridade da caixa torácica.

Tema 8. Urxencias dixestivas. Abdome agudo. Vómitos. Diarreas. Obstrución gastrointestinal . Hemorraxia gastrointestinal. Torsión-dilatación gástrica . Pancreatite aguda . Fallo hepático.

Tema 9. Urxencias hematolóxicas. Anemias: causas, signos clínicos e diagnóstico diferencial. Problemas hemorráxicos.

Tema 10. Urxencias endócrinas. Cetoacidose diabética. Hipoglicemia. Hiperadrenocorticismo. Hipoadrenocorticismo. Crise addisoniana.

Tema 11. Urxencias uroxenitais. Insuficiencia renal aguda. Traumatismos e roturas do tracto urinario. Distocia. Hipocalcemia. Hiperplasia e prolapso vaxinal. Hiperplasia endometrial quística (HOE)/piometra. Torsión testicular. Parafimose e priapismo. Prolapso uretral. Prostatite e abscesos prostáticos.

Tema 12. Urxencias neurolóxicas. Debilidade. Demencia, estupor e coma. Enfermidade vestibular. Status epiléptico. Tetraparesia e tetraplexía.

Tema 13. Urxencias oftalmolóxicas. Celulite orbitaria. Proptose ou luxación do globo ocular. Laceracións palpebrais e conxuntivais. Ulceración corneal. Queimaduras corneais.

Glaucoma agudo. Uveíte anterior aguda. Hemorraxias intraoculares. Desprendemento de retina.

Tema 14. Urgencias dermatolóxicas. Manexo das feridas. Normas xerais de actuación ante unha ferida. Abscesos. Miase. Reacción medicamentosa. Queimaduras.

Tema 15. Intoxicacións. Manexo xeral das intoxicacións. Intoxicación por produtos caseiros, medicamentos, insecticidas, drogas ilegais e plantas e setas.

ANEXO II

PONDERACIÓN DE MÉRITOS

Fase do concurso-oposición	Ponderación
Probas selectivas	50%
Curriculum vitae	40%
Entrevista persoal	10%

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PROBAS SELECTIVAS

Criterios	Baremo
Proba selectiva teórica (preguntas correctas suman 1 punto, 3 preguntas incorrectas restan 1 punto)	Ata 20 puntos
Caso Clínico	Ata 30 puntos
Total	Ata 50 puntos

VALORACIÓN DE MÉRITOS (CURRICULUM VITAE)

Criterios	Baremo
- Expediente académico: - Por unha cualificación media de sobresáinte: 4 puntos. - Por unha cualificación media de notable: 3 puntos. - Por unha cualificación media de ben: 2 puntos. - Por unha cualificación media de suficiente: 1 puntos.	Ata 4 puntos
- Estudos de Posgrao: Doutoramento, Diplomatura Europea ou Máster afín ao posto (2 puntos/Posgrao)	Ata 2 puntos
- Recoñecemento académico (premio fin de carreira e/ou doutoramento) (1 punto/mérito)	Ata 1 punto

- Internado/residencia en Institución recoñecida: • Internado en Hospitais Universitarios recoñecidos: 6 puntos • Internado noutras institucións: 3 puntos	Ata 6 puntos
- Cursos/congresos/xornadas recibidos afines ao posto (excluídos os puntuados noutro apartado) (0,04 puntos/hora)	Ata 5 puntos
- Curso de capacitación para o manexo de instalacións de radiodiagnóstico (2 puntos/curso)	Ata 2 puntos
- Experiencia acreditada en posto igual ou similar (0,35 puntos/mes)	Ata 15 puntos
- Publicacións internacionais (2 puntos/publicación no ámbito obxecto da praza) - Publicacións nacionais (1,5 puntos/publicación no ámbito obxecto da praza) - Comunicación a congreso internacional (1 puntos/comunicación no ámbito obxecto da praza) - Comunicación a congreso nacional (0,5 puntos/comunicación no ámbito obxecto da praza) - Comunicación a xornadas locais (0,25 puntos/comunicación no ámbito obxecto da praza)	Ata 3 puntos
- Idiomas (por cada nivel alcanzado en cada lingua estranxeira): • B1: 0,5 punto • B2: 1 punto • C1: 1,50 puntos • C2: 2 puntos	Ata 2 puntos
Total	Ata 40 puntos

PUNTUACIÓN MÍNIMA REQUERIDA (Proba selectiva + méritos) = 50 Puntos

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE ENTREVISTA PERSONAL

Criterios	Baremo
Entrevista persoal	Ata 10 puntos
Total	Ata 10 puntos

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

Apelidos:		Nome:	
DNI:	Data de nacemento:	Año de gradación:	
Domicilio:	Localidade:	Tfno:	
SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para proveer con carácter temporal o posto de traballo T01-2021 a que se refire a Resolución da Dirección Xerencia da Fundación Pública Galega Rof Codina do 15/12/2021, ao considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria			
DENOMINACIÓN DO POSTO: Facultativo/a Veterinario en prácticas			
Relación de documentos que acompañan a presente solicitude			Nº de orde
Data e sinatura: ____ de _____ do 2022		Espazo reservado para rexistro de entrada	
La Fundación Rof Codina, con domicilio social en Estrada da Granxa S/N Facultad de Veterinaria USC 27002 Lugo, en aras de garantizar un estricto cumplimiento de la normativa sobre Protección de Datos personales y el ejercicio de sus derechos personales, le informa que los datos personales que Vd. nos proporcione, así como los datos a los que esta Fundación tenga acceso como consecuencia de la presente convocatoria, del mantenimiento de la relación que le une o le pueda unir con esta Fundación, del envío de comunicaciones incluyendo las comunicaciones electrónicas y de la gestión integral de su información personal en la Fundación, serán incorporados a varios ficheros automatizados o no, para lo cual Vd. presta su consentimiento expreso, preciso e inequívoco. Dichos ficheros, han sido debidamente inscritos ante el Registro General de Protección de Datos. La Fundación le garantiza en todo momento el derecho a conocer los criterios y programas utilizados. La finalidad de estos ficheros responde a la necesidad del tratamiento de su información personal para la gestión tanto económica como administrativo-docente y de investigación así como para la realización de actividades de difusión y publicidad de la Fundación. Todos los datos que se le solicitan son obligatorios y la negativa a suministrarlos supondrá la imposibilidad de concluir o mantener la relación que le une con la Fundación. La Fundación le informa que su información podrá ser cedida en virtud de las cesiones obligatorias establecidas en la Ley así como a aquellas empresas, entidades u organismos patrocinadores así como a través de las publicaciones o acciones de difusión realizadas por la Fundación para lo cual VD. consiente expresamente. La Fundación garantiza que ha adoptado las medidas oportunas de seguridad en sus instalaciones, sistemas y ficheros, así como el tratamiento confidencial de los Datos Personales de conformidad con la legislación vigente aplicable, si bien, podrá difundir las características generales de los proyectos empresariales presentados, y en su momento, los nombres de los proyectos ganadores y sus promotores. La Fundación le garantiza en todo momento el ejercicio de sus derechos de acceso, cancelación y oposición en los términos establecidos en la legislación vigente, dirigiéndose por escrito e indicando el concreto derecho que desea ejercitar a cualquiera de las direcciones anteriormente indicadas.			

SR. PRESIDENTE DE LA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA